



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE ABRIL DE 2022 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS ERASMUS+ KA107 PARA PARTICIPAR EN ACCIÓNS DE MOBILIDADE PARA FORMACIÓN OU DOCENCIA CON PAÍSES ASOCIADOS 2022-2023

A Universidade de Vigo, como institución elixible trala obtención da ECHE (Erasmus Charter for Higher Education) para participar no programa Erasmus+, presentou un proxecto de mobilidade perante o SEPIE no marco da acción Erasmus+ KA107. Unha vez aprobado o proxecto, asinou os correspondentes convenios de colaboración co SEPIE **2019-1-ES01-KA107-063126** e **2020-1-ES01-KA107-081469**¹ e asinou acordos bilaterais coas institucións de ensino superior correspondentes para participar neste programa no marco da acción K107 cos países asociados trala aprobación do proxecto.

En virtude destes convenios e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, e vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar 33 bolsas en réxime de concorrencia competitiva segundo as bases establecidas no anexo I, para realizar unha estadía nas universidades recollidas no anexo II da presente convocatoria.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas) (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da Universidade de Vigo.
3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido a data límite de finalización da actividade no marco do proxecto **2019-1-ES01-KA107-063126**, 31 de xullo de 2022.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

María Isabel Doval Ruiz

¹ Estes proxectos están cofinanciados polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA107

2019-1-ES01-KA107-063126 e 2020-1-ES01-KA107-081469

1. OBXECTO

Estas bolsas teñen por obxecto apoiar o persoal da Universidade de Vigo na realización de estadias para impartir docencia (STA) dentro dun programa de estudos conducente á obtención dun título ou recibir formación (STT) nalgũa das entidades receptoras recollidas no Anexo II.

2. REQUISITOS

- a) Ter relación contractual como persoal docente e investigador ou Persoal de Administración e Servizos coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadia.
- b) Ser cidadá/n dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, dun país candidato á adhesión (Albania, Montenegro, República de Macedonia do Norte, Serbia, e Turquía) Suíza ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no Erasmus+, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- c) Non poderán obter a condición de beneficiarios/as as persoas en quen conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro *Ley General de Subvenciones*.
- d) Cumprir os requisitos específicos sinalados no anexo II.

3. CARACTERÍSTICAS E DURACIÓN DA ESTADÍA

A duración da estadia na entidade de destino será de **cinco días máis dous días de viaxe** e poderá realizarse en tres modalidades.

a.- Estadia docente (STA): deberanse xustificar un mínimo de oito horas de docencia impartidas entre os cinco días financiados. As materias impartidas na universidade de acollida deberán formar parte do programa de estudos conducente a un título oficial nesa institución.

b.- Estadia docente combinada con actividade formativa: deberanse xustificar un mínimo de 4 horas de docencia máis a participación nunha actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular. A proposta de actividade formativa deberá detallarse coa solicitude e xustificarse ao final da estadia cunha certificación específica.

c.- Estadia de formación (STT) na que non se impartirá docencia. O plan formativo recollido na proposta deberá gardar relación co proxecto do destino escollido e contar coa aprobación da persoa responsable do mesmo.

Non se contabilizarán como días de docencia ou de actividade formativa os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da universidade de destino asinada.



Non pode utilizarse este financiamento para a asistencia a un congreso, conferencia ou actividade similar.

As estadias realizadas baixo a modalidade de “BOLSA CERO” non recibirán ningún tipo de financiamento e poderán ser executadas ben presencialmente, ben de xeito virtual. Estas estadias poderán ter unha duración superior aos cinco días de docencia ou formación (máis dous de viaxe, se é o caso).

As estadias deberán realizarse **antes do 31 de xullo de 2023** (agás as prazas sinaladas cun “*”, cuxa execución deberá estar efectuada antes do 31 de xullo de 2022).

4. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A Universidade de Vigo consignou un máximo de 41 580 euros en concepto de axuda individual na aplicación orzamentaria 2022ORI1121DEXT230 e 15 900 euros en concepto de axudas de viaxe na aplicación orzamentaria 2022ORI1121DEXT226.99 para financiar a estadia para formación ou docencia ao abeiro do programa Erasmus+, acción KA107.

A axuda tramitarase de conformidade coa normativa establecida na Universidade de Vigo para a tramitación de axudas de custo e locomoción. Non poderán superarse os límites establecidos polo programa Erasmus+ sumando os gastos de viaxe e de aloxamento e manutención que aquí se detallan:

- a. Contía por manutención-apoio individual: 1260 € (180 €/día)
- b. Contía por viaxe: Importe de 360 € para Albania e Bosnia e Hercegovina; 1500 € para Brasil, Cambodia, Chile, China e O Salvador; 530 € para Cabo Verde e Exipto 820 € para Irán, Kazakhstán, Xeorxia, Xordania, calculadas a través da ferramenta da Comisión Europea: (http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)

O pago da axuda será aboado ao término da misión docente/de formación directamente á persoa destinataria en forma de provisión directa de servizos, unha vez presentados os documentos xustificativos de custos de viaxe e aloxamento e manutención requiridos e sempre de acordo coa normativa de execución do orzamento da Universidade de Vigo. O cumprimento das obrigas establecidas no punto 9 será determinante para o pagamento da axuda. **De non cumprir coas obrigas establecidas antes da estadia entenderase que o/a destinatario/a renuncia á axuda económica.**

A axuda que se estableza nesta convocatoria será incompatible con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade e non poderán tramitar este gasto con cargo a outras partidas orzamentarias da Universidade de Vigo.

A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.

O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, *General de Subvenciones*.

As condicións económicas estarán establecidas no convenio que se asine entre a Universidade de Vigo e o/a beneficiario/a segundo o modelo proporcionado polo SEPIE.

Poderá realizarse a actividade **sen dotación económica, bolsa cero:**

- a) Se se realiza de forma virtual sen desprazamento.
- b) De estar na lista de agarda e querer realizar a estadia.



- c) Por calquera outra situación da que o PDI participante deberá informar antes de realizar a estada a Oficina de Relacións Internacionais.

Non se poderán sufragar os gastos se se realiza nesta modalidade unha vez realizada a actividade.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas candidatas deberán cubrir o formulario de solicitude en liña no portal de MoveON <https://uvigo.moveon4.de/form/626144cfae4dca018b0efa70/glg>

** Se é a primeira vez que se accede a MoveOn, primeiro deberá rexistrarse na parte dereita da pantalla. Deberá empregar un correo electrónico de dominio uvigo.*

En caso de precisar apoio de tipo técnico durante o proceso de presentación dos formularios poderán dirixirse ao enderezo electrónico erasmuska107@uvigo.gal.

Só se aceptarán solicitudes presentadas a través da plataforma MoveON no prazo establecido, tal e como se indica nos parágrafos precedentes.

As persoas solicitantes deberán facilitar no formulario de participación o enderezo de correo electrónico co dominio uvigo.es. A comunicación coa ORI realizarase sempre a través deste enderezo de correo electrónico.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria e finalizará o **16 de maio de 2022**.

A seguinte documentación deberá ser anexada ao formulario de solicitude na plataforma MoveON:

- 1.- *Staff Mobility Agreement for Teaching ou Training* asinado pola universidade de destino ou no seu defecto carta de invitación ou copia dunha mensaxe de correo electrónico que verifique a aprobación da estada (**indicando se é para docencia-STA- ou formación - STT**) por parte da universidade de destino. Para estadas de formación (STT), deberá estar asinado pola persoa responsable do proxecto, segundo se indica no anexo II.
2. Certificacións de coñecementos de idiomas (de ser necesario, consultar o anexo II). Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación de certificacións oficiais ou, no seu defecto, mediante outro tipo de documentación cuxa admisión a efectos acreditativos será valorada pola comisión correspondente.
3. Documentación acreditativa de xustificación dos méritos correspondentes, segundo os requirimentos e criterios establecidos para cada unha das prazas recollidas no Anexo II da presente convocatoria.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN



A Oficina de Relacións Internacionais (ORI), rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), mediante o procedemento de **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección correspondente, de acordo coas prioridades e requisitos establecidos para cada unha das prazas no Anexo II da presente convocatoria.

No caso de empate, seguirase a orde alfabética a partir da letra T vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 4 de febreiro).

A vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, á vista da proposta feita pola comisión correspondente, fará pública unha **resolución provisoria co nome das persoas con axuda concedida, denegada (sinalando a causa de denegación) e a listaxe dos/as suplentes**.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de solicitudes seleccionadas e en lista de agarda, se procede**, á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación. Na resolución indícanse os importes individualizados que correspondan a cada comisionado e a entidade de destino.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no portal de bolsas (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da universidade e na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN E RENUNCIA



As persoas seleccionadas deberán aceptar a concesión da bolsa no prazo de cinco días hábiles dende a publicación da resolución definitiva de adjudicación do destino a través do portal MoveON <https://uvigo.moveon4.de/form/626144cfae4dca018b0efa70/glg>. Pasado este prazo, se o/a seleccionado/a non a presentase entenderase a renuncia á praza.

As persoas en lista de agarda que resulten seleccionadas con posterioridade a este prazo, debido á renuncia das persoas seleccionadas previamente, deberán aceptar a bolsa no mesmo portal.

Toda renuncia a unha bolsa xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito. Esta renuncia deberá presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER-Instancia xenérica**.

8. OBRIGAS

As persoas seleccionadas deberán entregar na ORI a documentación requirida para xustificar a duración da súa estada:

Antes da estada:

- Acordo de mobilidade (Staff Mobility Agreement) asinado por todas as partes e con datas de sinaturas anteriores á realización da estada.
- Enviar á ORI Convenio de subvención entre a Universidade de Vigo e a persoa docente seleccionada.
- Tramitar e aboar un seguro que deberá cubrir a duración completa da estada e viaxe. Desde a ORI informárase das condicións mínimas que debe conter (repatriación, etc).
- tramitar e aboar o seu visado (se procede) e asegurarse das condicións deste.
- A persoa comisionada será responsable de solicitar o permiso correspondente no seu Departamento.

Ao finalizar a estada:

- Enviar á ORI asinado pola entidade de acollida con indicación de días de estada e horas de docencia impartidas ou, de ser o caso, participación na actividade formativa específica en competencias relacionadas con deseño pedagóxico e/ou curricular. **A data de sinatura do documento por parte da universidade receptora non pode ser anterior ao último día xustificativo como día de actividade docente/formativa.**
- Tramitar a comisión de servizos a través do aplicativo da Universidade de Vigo. Deberán subirse como adxuntos todos os xustificativos dos gastos de viaxe (facturas e as tarxetas de embarque, billetes de tren, taxi, peaxes etc), facturas do hotel, etc
- Completar e enviar a enquisa UE (EU Survey) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción do correo electrónico para completala. De non facelo, a Universidade de Vigo poderá requirir aos/ás beneficiarios/as o reembolso da axuda financeira recibida.

9. REINTEGRO E REVISIÓN

No caso de que non se leve a cabo a estada ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a docente seleccionado/a deberá devolver a contía íntegra ou parcial da axuda. A Universidade de Vigo terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.



Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a presente convocatoria e tramitar o pagamento das axudas ás persoas que resulten beneficiarias e amparados pola lei Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Regulamento (UE) n ° 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013 , polo que se crea o programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión e polo que se derogan as Decisións n ° 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria de Erasmus+ Ka 107. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado no parágrafo anterior e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder realizar os trámites da convocatoria nin tramitar o pago da axuda correspondente. Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo por medio das oficinas de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>



Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos a través do enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO II
PRAZAS CONVOCADAS

ALBANIA	
Universidade de destino	ALEKSANDER MOISIU UNIVERSITY
Nº de prazas	3 STA 1 STT (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	STA: Ser docente na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Facultade de Dereito, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou na Facultade de Comercio. Posuír mínimo nivel B2 de inglés. STT: Ter relación contractual (persoal técnico/administrativo ou PDI) coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadía e ter vinculación profesional co proxecto. Será necesario aportar autorización previa da persoa responsable do proxecto.
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: STA: Ter o título de doutor/a. Considerarase a categoría e antigüidade. Procurarase buscar unha distribución equitativa das prazas entre os centros sinalados no epígrafe anterior. STT:avalíase a vinculación profesional no proxecto (con autorización previa da persoa responsable do mesmo).
Comisión de selección	Laura Movilla Pateiro, directora de internacionalización. Belén Sánchez Ramos, profesora contratada doutora de Dereito Internacional Público Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI
Responsable do proxecto	Francisco José Torres



BOSNIA E HERZEGOVINA	
Universidade de destino	University of East Sarajevo
Nº de prazas	3 STA (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	<p>Profesorado ou persoal posdoutoral da Universidade de Vigo</p> <p>Doutores/as en Xeografía ou Historia con vinculación á UVigo</p> <p>Ser membros do GEAAT</p> <p>Proposta docente no centro de destino</p>
Criterios específicos	<p>A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade:</p> <p>Nivel de inglés que permita desenvolver actividades docentes</p> <p>-Especialidade en Xeografía, Ciencias da Terra-Ambientais.... Ou na Antiga Grecia</p> <p>-Proposta docente no centro de destino</p>
Comisión de selección	<p>Fermín Pérez Losada, profesor titular, departamento historia, arte e xeografía</p> <p>Adolfo Fernández Fernández, investigador distinguido, departamento historia, arte e xeografía</p> <p>María Pardal, técnica da ORI.</p>
Responsable do proxecto	Susana Reboreda Morillo



BRASIL	
Universidade de destino	Universidade Regional Integrada do Alto Uruguai e Das Missoes
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126) <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i>
Requisitos específicos	PDI doutor/a integrante do grupo de investigación da UVigo MEDEA-Iuris
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: Méritos de investigación, transferencia e docencia especificamente vencellados ao réxime xurídico da auga nos 3 últimos anos.
Comisión de selección	Marta Fernández Prieto, Profesora titular da Universidade de Vigo Concepción Martínez Martínez, Secretaria da Facultade de Dereito Virxilio Rodríguez Vázquez, Profesor contratado doutor na Universidade de Vigo
Responsable do proxecto	Roberto Bustillo



CABO VERDE	
Universidade de destino	Universidade de Cabo Verde
Nº de prazas	2 (1 STA, 1 STT) (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	<p>STA: Ter relación contractual (contratado laboral fixo ou ter un contato de investigación) coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadía e desenvolver a súa actividade docente e investigadora nalgunha das liñas de investigación que contemplan os Clústeres de I+D de Campus do Mar.</p> <p>STT: Ter relación contractual (persoal técnico/administrativo ou PDI) coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadía e ter vinculación profesional co proxecto. Será necesario aportar autorización previa da persoa responsable do proxecto.</p> <p>Posuír un nivel de idioma que permita desenvolver as activades (Nivel mínimo MCER B2 de Inglés/Portugués ou Galego).</p>
Criterios específicos	<p>A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade:</p> <p>STA: Criterios de valoración docente: Plan docente no centro de destino</p> <p>Criterios de valoración para investigación: Puntos da última produción científica modulada pola idade Adecuación da estadía ás liñas de investigación estratéxica do centro de orixe.</p> <p>STT:avalíarase a vinculación profesional no proxecto (con autorización previa da persoa responsable do mesmo).</p>
Comisión de selección	<p>Daniel Rey García, Director do Campus do mar</p> <p>José Manuel García Estévez, Director do ECIMAT</p> <p>Laura Movilla Pateiro, Directora de Internacionalización</p>
Responsable do proxecto	Daniel Rey García



CAMBODIA	
Universidades de destino	National University of Management
	Royal University of Law and Economics
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126) <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i>
Requisitos específicos	Ser docente na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Facultade de Dereito, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ou Escola de Estudos Empresariais da UVigo Posuír un nivel de idioma que permita desenvolver as activades (Nivel mínimo B2 de inglés)
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: Ter o título de doutor/a. Considerarase a categoría e antigüidade. Procurarase buscar unha distribución equitativa das prazas entre os centros sinalados no epígrafe anterior.
Comisión de selección	Laura Movilla Pateiro, Directora Internacionalización. Belén Sánchez Ramos, Profesora Contratada Doutora de Dereito Internacional Público da Uvigo. María Pardal Piñeiro, Técnica de apoio da ORI.
Responsable do proxecto	Francisco Torres



CHILE	
Universidades de destino	Universidad Católica del Norte
	Universidad Técnica Federico de Santa María
Nº de prazas	1 STT (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126) <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i>
Requisitos específicos	Ser docente funcionario de carreira, contratado laboral fixo ou persoal contratado investigador. En todo caso, o profesorado debe figurar en no POD con docencia asignada na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo no curso 2020/21.
Criterios específicos	<p>A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade:</p> <p>Valorarase de 0 a 10 un proxecto docente (para as prazas de docencia) ou de investigación (para as prazas de formación). Este proxecto terá un peso do 40% na nota final.</p> <p>Valoraranse un máximo de 5 artigos. Esta puntuación terá un peso do 60% na nota final. Valorarase a calidade e impacto dunha selección realizada polo/a candidato/a dun máximo de 5 artigos nos que figure como autor/a, segundo a posición da revista de acordo co InCites Journal Citation reports e o número de citacións (excluíndo autocitacións).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posición de la revista en categoría (Pn): Primer cuartil: 10 puntos; Segundo cuartil: 7.5; Terceiro cuartil: 5 puntos; Cuarto cuartil: 2.5 puntos - Número de citacións (Cn): >100: 1 punto; 80-100: 0.8 puntos; 60-80: 0.6 puntos; 40-60: 0.4 puntos; 20-40: 0.2 puntos; 0-20: 0.1 puntos. <p>A fórmula empregada será: Valoración= (Calificación proxecto * 0.4)+ ((P1*C1+P2*C2+P3*C3+P4*C4+P5*C5)* 0.6)</p>
Comisión de selección	Elena Mercedes Alonso Prieto, Directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Ángeles Saavedra, Profesora titular na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI
Responsable do proxecto	José Santiago Pozo Antonio



CHINA	
Universidades de destino	Xiamen University e Ocean University of China
	Ocean University of China
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469) 1 STA <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i> (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126)
Requisitos específicos	Ter relación contractual (contratado laboral fixo ou ter un contato de investigación) coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadía e desenvolver a súa actividade docente e investigadora nalgunha das liñas de investigación que contemplan os Clústeres de I+D de Campus do Mar. Posuír un nivel de idioma que permita desenvolver as activades (Nivel mínimo MCER B2 de inglés/Chinés)
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: Criterios de valoración docente: Plan docente no centro de destino Criterios de valoración para investigación: Puntos da última produción científica modulada pola idade Adecuación da estadía ás liñas de investigación estratéxica do centro de orixe.
Comisión de selección	Daniel Rey García, Director do Campus do mar José Manuel García Estévez, Director do ECIMAT Laura Movilla Pateiro, Directora de Internacionalización
Responsable do proxecto	Daniel Rey García



EXIPTO	
Universidades de destino	Beni Suef University
	Arab Academy for Science, Technology and Maritime Transport
Nº de prazas	4 STA <i>*estas estadias deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i> (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126)
Requisitos específicos	Ser docente no programa de doutoramento DoctIC Dispoñer dunha carta de invitación dun docente doutor dalgunha das dúas universidades exipcias do proxecto.
Criterios específicos	A comisión de selección valorará as candidaturas, seleccionando as persoas que obteñan máis puntos segundo os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> - 2 puntos: a persoa responsable do proxecto ou (sub)director/a de relacións internacionais da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións. - 3 puntos: por cada tese (xa defendida ou en preparación) en codirección cun docente dalgunha das dúas universidades exipcias do proxecto e/ou a estudantes vencellados a algunha das dúas universidades exipcias do proxecto. - 2 puntos: por cada tese (xa defendida ou en preparación) dentro do programa DoctIC en codirección cun docente dunha universidade estranxeira dende o 01/01/2016 - 1 punto: por cada tese (xa defendida ou en preparación) dentro do programa DoctIC dendo o 01/01/2016 (que non entre nos puntos anteriores) - 1 punto: por cada TFG/TFM codirixido (xa defendido ou en preparación) cun docente dalgunha das dúas universidades exipcias do proxecto. - 1 punto: persoal docente que participara en mobilidades KA107 con anterioridade - 1 punto: persoal docente que imparta algunha materia en inglés no GETT, MET ou MuniCS - 0,5 puntos: persoal docente que oferte algunha materia English Friendly no GETT, MET ou MuniCS.
Comisión de selección	Pedro Rodríguez Hernández, Secretario da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación Manuel García Sánchez, Coordinador Programa Doutoramento DoctIC María Pardal Piñeiro, Técnico de apoio da ORI
Responsable do proxecto	Rebeca P. Díaz Redondo



XEORXIA	
Universidade de destino	Georgian Institute of Public Affair Foundation
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	Docentes a tempo completo da Universidade de Vigo. Doutores/as en Ciencia Política e da Admisnitración. Experiencia investigadora en e-learning
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: <ol style="list-style-type: none"> 1. o/a responsable do proxecto 2. o persoal docente que vai recibir ou teña confirmada a recepción do personal entrante ou estudantes de proxectos Ka107 anteriores co mesmo destino. 3. o persoal docente que imparta docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao. 4. O persoal docente que oferte materias English Friendly
Comisión de selección	Victoria Canoura Leira, profesora asociada, Fac. Ciencias Sociais e da Comunicación Xosé Mahou, profesor contratado doutor na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Enrique Varela, profesor contratado doutorna Fac.ultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Responsable do proxecto	Laura Movilla Pateiro



XEORXIA	
Universidades de destino	Ivane Javakhishvili Tbilisi State University
	Batumi Shota Rustaveli State University
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	Profesor doutor en Traducción e Interpretación Docente do programa doutoramento T&P. Idiomas: Galego, Castelán, Inglés e Francés.
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: <ol style="list-style-type: none"> 1. o/a responsable do proxecto 2. o persoal docente que vai recibir ou teña confirmada a recepción do personal entrante ou estudantes de proxectos Ka107 anteriores co mesmo destino. 3. o persoal docente que imparta docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao. 4. O persoal docente que oferte materias English Friendly
Comisión de selección	Presidente: Prof. Dr. José Yuste Frías, coordinador do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional Secretario: Óscar Ferreiro Vázquez, secretario do Mestrado Vogais: Prof. Dra. Ana Luna Alonso, coordinadora do programa de doutoramento Tradución & Paratradución, Prof. Dr. Alberto Álvarez Lugrís, secretario do programa de doutoramento Tradución & Paratradución, e Prof. Dr. Ramón Méndez González, profesor asociado na Facultade de Filoloxía e Tradución.
Responsable do proxecto	Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy, José Yuste Frías e Óscar Ferreiro Vázquez



IRÁN	
Universidades de destino	K.N.Toosi University of Technology
Nº de prazas	2 STA (proyecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	Profesorado a tempo completo na Universidade de Vigo Doutoras/es en Matemáticas ou Física
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: <ol style="list-style-type: none"> 1. o/a responsable do proxecto 2. o persoal docente que vai recibir ou teña confirmada a recepción do personal entrante ou estudantes de proxectos Ka107 anteriores co mesmo destino. 3. o persoal docente que imparta docencia en inglés, segundo o Plan de Internacionalización lingüística aprobado na Universidade de Vigo (CG 21/02/2013, modificado o 29/10/2013 e o 14/10/2014) e/ou os docentes de departamentos de linguas estranxeiras que impartan docencia noutras linguas estranxeiras como establecen as memorias de Grao. 4. O persoal docente que oferte materias English Friendly Puntuación de produción científica dos últimos tres anos.
Comisión de selección	Ignacio Bajo Palacio, director do departamento de Matemática Aplicada II Begoña Cid Iglesias, profesora contratada doutora do departamento de Matemática Aplicada II Laura Movilla Pateiro, directora de internacionalización da Universidade de Vigo
Responsable do proxecto	Iván C. Area Carracedo



XORDANIA	
Universidades de destino	Applied Science Private University (ASU)
Nº de prazas	5 (3 STA , 2 STT) (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	Ser docente da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación figurando en POD con docencia asignada no curso 2020/21 Dispoñer dunha carta de invitación de persoal da universidade de destino.
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios: A. Prioridade de selección para as dúas prazas STT (Staff Mobility for Training): <ol style="list-style-type: none"> 1. O/a responsable do proxecto 2. O/a director/a da E.E. Telecomunicación 3. O/a subdirector/a de Relacións Internacionais da E.E. Telecomunicación 4. Outros/as subdirectores ou secretario/a da E.E. Telecomunicación 5. Coordinadores de titulación da E.E. Telecomunicación 6. Outros/as coordinadores da E.E. Telecomunicación B. Para as tres prazas STA (Staff Mobility for Teaching Assignment) seleccionaranse as persoas que obteñan máis puntos segundo as seguintes puntuacións: <ol style="list-style-type: none"> 1. 2 puntos: persoas que ocupen cargos do punto A 2. 2 puntos: por casa tese, xa defendida ou en preparación, en codirección cun profesor dunha universidade estranxeira dende o 01/01/2016 3. 1 punto: por cada tese, xa defendida ou en preparación, dende o 01/01/2016 que non entre no punto anterior 4. 1 puntos: persoal docente que haxa participado en mobilidades KA107 anteriores 5. 1 punto: persoal docente que imparta algunha materia en inglés no GETT, MET ou Munics 6. 0,5 puntos: persoal docente que oferte algunha materia English Friendly
Comisión de selección	Pedro Rodríguez Hernández, Secretario da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación Manuel García Sánchez, Coordinador Programa Doctorado Doc_TIC María Pardal Piñeiro, Técnica da ORI
Responsable do proxecto	Enrique Costa Montenegro



KAZAKHSTÁN	
Universidade de destino	Abylai Khan Kazakh Atyndagy Halykaraiyk Karynastar Zhane Alem Tilderiuniversitiesy (KAUIR)
Nº de prazas	2 STA <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i> 1 STT <i>*esta estadía deberá estar executada antes do 31 de xullo de 2022</i> (proxecto: 2019-1-ES01-KA107-063126)
	1 STA 1 STT (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	STA: Ser docente funcionario de carreira, contratado laboral fixo ou persoal contratado investigador. En todo caso, o profesorado debe figurar en no POD con docencia asignada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Impartir docencia de inglés ou español. Posuír un nivel de idioma que permita desenvolver as actividades (Nivel mínimo MCER B2 de inglés). STT: Ter relación contractual (persoal técnico/administrativo ou PDI) coa Universidade de Vigo durante o momento da solicitude e mantela no momento de realización da estadía e ter vinculación profesional co proxecto . <u>Será necesario aportar autorización previa da persoa responsable do proxecto.</u>
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: <ol style="list-style-type: none"> 1. o/a responsable do proxecto 2. o persoal docente que vai recibir ou teña confirmada a recepción do personal entrante ou estudantes de proxectos Ka107 anteriores co mesmo destino. 3. A vinculación profesional co proxecto.
Comisión de selección	Amelia Rodríguez Piña, Directora Técnica da ORI Laura Movilla Pateiro, Directora de Internacionalización María Pardal Piñeiro, Técnico de apoio da ORI
Responsable do proxecto	Amelia Rodríguez Piña



O SALVADOR	
Universidade de destino	Universidad Centroamericana José Simeón Cañas
Nº de prazas	1 STA (proxecto: 2020-1-ES01-KA107-081469)
Requisitos específicos	Profesores a tempo completo na Universidade de Vigo Doutores en Ciencia Política e da Administración Experiencia investigadora previa sobre a realidade institucional pública de O Salvador
Criterios específicos	A Comisión de Selección valorará as candidaturas seguindo os seguintes criterios de prioridade: Proxectos/contratos de investigación/cooperación sobre a realidade institucional, da gobernanza e da xestión pública de O Salvador (20 %) Docencia impartida no ámbito da Ciencia Política e da Administración nas institucións públicas de O Salvador (40 %) Docencia impartida no ámbito da Ciencia Política e da Administración nas universidades de O Salvador (40 %)
Comisión de selección	Álvaro Xosé López Mira, profesor titular de Ciencia Política e da Administración Xosé María Mahou Lago, profesor contratado doutor de Ciencia Política e da Administración Mónica López Viso, profesora contratada doutora de Ciencia Política e da Administración
Responsable do proxecto	Enrique José Varela

